

Núm. 26

15-2-26

# nós.



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36. 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos.
En Cuba	30 ..

*Pagos adiantados*

Este boletín non publica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

*O poema da Saudade*, por Augusto María Casas.

*Un Arcebispo de Santiago descoñecido*, por Armando Cotarelo.

*A moderna literatura irlandesa*, por Vicente Risco.

*A Lenda d'Armenteira*, (proseguimento) por Xosé Filgueira Valverde.

*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de Xan Aznar Ponte.

*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*

*Os homes, os feitos as verbas*, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII    ★    Ourense 15 Febreiro 1926    ★    Núm. 26

## O POEMA DA SAUDADE

pra D. RAMÓN OTERO PEDRAYO

Saudade é un sentimento d'irmandade  
a mágoa dos que loitan lonxe dos lares seus...  
Mais eu, qu'estou na terra, teño tamén saudade...  
¡lha saudade de voltar a Deus!

Ficar no ollar amigo d'unha estrela  
ca i-alma amergurada, frolescida...  
Choutar nos eidos d'unha fonda arela,  
ledo milagre de soñar na Vida.

Ise misterio fondo das horas iñoradas,  
as voces sempre mudas no pranto do fogares...  
Veleiqui o qu'é Saudade... As bágoas derramadas  
sobor a cunca infinda dos mais lonxíncuos mares.

Saudade é a man amiga e garimosa  
do noso Pai, o vello Breogán:  
Trocár no bico a Estrela n'unha rosa  
pra ter a estrela nosa,  
en anacos de rosa, en cada man.

## II

A ermida ten tristura  
 —isa ermida pequena dos camiños—  
 e chora —dá door— na noite morta, escura  
 porque nos peitos cansos dos homes xa n'hai niños  
 Tamén a lua chea ten saudade.  
 Cando teñades mágoas, erguel-a i-alma... le olladel

Ollai pra lúa chea, probe tola  
 que brinca nos vieiros das estrelas...  
 Anda a pedir esmola  
 no Pazo das Arelas.

## III

Nas noites do vran — noite de San Lourenzo—  
 a Saudade incornou nos beizos do silenzo.


Estrelas e camiños,  
 regatos e moiños...  
 calados... que soñan cos luceiros.  
 namorados galás, bôs compañeiros!

## IV

Hai saudade nos homes e nas froles,  
 nas arbres, nos paxaros e nas pedras...  
 Que sintan que non sintan fanse soles...  
 iloiros castelos no trebón das edras!

AUGUSTO MARÍA CASAS

Xaneiro do 1926





# UN ARCEBISPO DE SANTIAGO DESCOÑECIDO

Nota presentada o Seminario de Estudos Galegos de Compostela o 30 de Xaneiro de 1936.

**N**o Archivo municipal de Santiago (1) atópase unha cédula do Rey Católico, datada en Arcos a 23 de Outono de 1507, e dirixida o Concello e Xustizas de Compostela, decindo de este xeito:

«El Rey-Concejos, Justicias Regidores, Caballeros, Jurados, escuderos, oficiales e homes vuenos de la cibdad de Santiago e de las billas e logares de su Arcobpado. Sabed que nro. muy Santo Padre a suplicación nra. ha p<sup>o</sup>ueydo desa iglia. e Arcobpado de Santiago al muy R.<sup>do</sup> yn xpo. padre don A.<sup>o</sup> de Fonseca por resygnacion del muy R.<sup>do</sup> cardenal de San Marcelo, a quien Su Santidad poco antes avía p<sup>o</sup>ueydo del por resignación del muy R.<sup>do</sup> yn xpo. padre Patriarca de Alexandria Arcobpo que fue desa dha iglia y Arcobpado; e sobre ello son venidas las bulas de Su Santidad e con ellas el dho. Arcobpo. envia a tomar la posesión de la dha. iglia. e Arcobpado: por ende vos mando que luego que esta cedula vierdes le deys e hagays dar la posesión de todo lo que pertenesce a la dha. Arcobpalia e le recibays e agays e tengays por Señor dello e piado. vro. como Su Santidad por las dhas sus bulas lo quiera y manda, e non fagades ende al. Fecha en el lugar de Arcos a veintitrés días de Outubre de IVDVII años — Yo el Rey — Por mandato de Su Alteza — Miguel Pe delmaçen.»

Hasta agora tiñamos creido que a D. Alonso de Fonseca e Acevedo, o Patriarca, sucedera directamente seu fillo segundo D. Alonso de Fonseca e Ulloa, terceiro dos Fonsecas (e a quem podemos chamar verdadeiramente o Grande), e dese modo se conta nos episcopo-

loxos de Santiago (1). Mais xa vemos que non pasou así: no medio dos dous Fonsecas, pai e fillo, houbo un Arcebispo, descoñecido e non sere por esta cédula.

¿E quien foi este Cardeal de San Marcelo? Non menos que D. Pedro Luis de Borja, sobrino do Papa Alexandre VI, cabaleiro de San Xoan, prior de Santa Eufemia. Protonotario Apostólico, Cardeal diácono de Santa María in Via Lata e presbítero de San Marcelo, Arcebispo de Monreal e Valencia, archipresbítero de Santa María a Maor e penitencieiro maor, creado Cardeal no ano de 1500 e morto en Nápoles no 5 de Outono de 1511 (2).

A espricación do caso é ben sinxela. Dínos que cargado de anos e alifales o vello Fonseca quixo descansar do peso da miña apostólica e renunciouna na cabeza do seu fillo, rascibindo él o título de Patriarca de Alexandria e retírándose a Salamanca, sua patria, donde finou a 12 de Marzo de 1512. Que este feito afiuzado pol-o Rey Católico e consentido pol-o Papa Xullo II, foi de muito escándalo, tanto que según alegaria Alvar Gómez d. Castro (3), autorizándoo co seu nome ilustre, o Cardeal Cisneros, que andaba rifado cos Fonsecas, encarouse un dia con D. Fernando V para bortalle ese virote:

— «Señor, hámme dicho que V. A. hace mayorazgo del arzobispado de Santiago y quisiera saber si excluye de él a las hembras — que sería, penso eu, o solo quite que o célebre franciscán dixo na sua vida.

Tamén consta polos historiadores de aquel

(1) Como LÓPEZ PERREIRO, *Hist. de la iglesia de Santiago*, VIII, 10, etc.

(2) CRMA, *Theatro universal de España*, III, 65.

(3) *De rebus gestis Francisci Seneziali*, edición da *Hispania Illustrata*, I, 1148.

tempo (1) como o Rey Católico se layaba mais adiante de este caso, dicindo que de duas coulle tiña que remoer-a concencia: unha consentir semellante resinyación de pai a fillo en dindá tan principal e outra facer obispo de Osma a D. Alonso Enriquez, bastardo do Almirante de Castela fido n-unha escrava, parlado tan peitoco que de él decía Fr. Antón de la Peña, predicator do rey, que non tiña mais espiritualidade que un xarro.

Sela como seja o que si sabemos ben de certo, é que por aquel entonces o llinaxe de Fonseca era muy potente, pois sobre do que o ensalzaran Don Alonso, arzobispo de Sevilla e outros varós aseñalados, n-aqueles anos subian o cume do poderio D. Xan Rodríguez de Fonseca, primeiro Presidente de Indias, e o famosísimo Antón de Fonseca, Contador maior de Castela. A mais d'esto, o vello Patriarca, fora sempre gran servidor do Rey Católico e de aquela estaban muy amigados. Tanto que cando o destronado soberán camiñou a Nápoles botado pol-o tarambana do seu xenro, levou consigo o mozo D. Alonso de Fonseca (2). Este dende Nápoles marchou a Roma e goberrouse tan axeitadamente que saliendo Arcediago de Cornado voltou Arcebispo de Compostela. O que sucedeunha gran Cidade non o sei, nin será fácil averigualo agora (3); mais, como di o doutor Galíndez de Carvajal (que como coronista real do tempo estaría ben enterado) «no faltó en Roma lo que se requirió para acabar tal negociación».

Sucedel-o fillo o paí nun mesmo beneficio sei que está muy penado nos cánones sagrados. ora fose por esto, ora por alual-as murmuracions e quebral-o escándalo, como pra todo hay remedio agás para morte, os ben sa-

bidos da curia pontifical fallaron o arbitrio de nomear un arcebispo de apariencia con que, en apariencia tamén, tolleron-o mal, chantando no medio. Por outra parte, creo de min que escusaban esta presura: poucos anos mais tarde o mesmo caso repetiase en Zaragoza, onde a D. Alonso de Aragón, bastardo do Rey Católico e arcebispo de aquela cibdade, sucedia seu fillo Don Xan de Aragón (1520) e en 1539 era Arcebispo da mesma sede D. Fernando de Aragón, fillo do Arcebispo Don Alonso. (1) Algo mais adiante un arcebispo de Lisboa era paí de un Arcebispo de Braga (2) A seu tempo seu costume.

Réstanos agora inquirir o espacio que o Cardeal de San Marcelo poido sere Arcebispo de Compostela. A bula de Xullo II admitindo a renuncia de Don Alonso de Fonseca, o paí, e de 28 de Agosto de 1507; según copia que feño; en 23 de Outono do mesmo ano xa estaba nomeado Arcebispo de Santiago o fillo, logo entre estas duas datas se esleudeu o arcebispado do Cardeal de San Marcelo. Por esto coñecemos tamén a fecha segura en que prencipia a prelacia de Fonseca III, que con tanta diferencia se lee nos historiadores. (3)

Por mais que a milra de Santiago producise por destoncelas 20.000 ducados o ano, (4) non veu acá o Cardeal Borja: era muito mellor ixia hora! - sere todas aquelas cousas tan rimbantes en Roma, capital espréndida do mundo renacente.

Estamos, pois, na presenza de un Arcebispo compostelán de un mes, que anque elexido pra unha remendada, debe figurar nas listas dos novos episcopologos.

ARMANDO COTARELO

(1) GALINDEZ DE CARVAJAL, *Anales breves de los R. P. Católicos* (Doc. inéd. para la Hist. de España, XLI, 819).

(2) GALINDEZ DE CARVAJAL, *Anales*, 819 — GÓMEZ DE CASTRO, *De rebus gestis*, pág. 99.

(3) Nada se atopou referente a este caso no Archivo da Embaxada de España, segundo o *Índice analítico*, publicado por D. LUCIANO SERRANO y Fr. JOSÉ M. PON recentemente (Roma, 1915-1917).


(4) FUENTE (V. DE LA), *Historia eclesiástica de España*, V, 572.

(5) ROMÁN, *Hist. de la iglesia de Santiago*, pág. 68.

(6) Así engafase LÓPEZ FERREIRO, *Hist. de Santiago* VIII, 10, suponendoo en 1506 e como él ouíros que o fixan en 1508, etc.

(7) MARINEO SICULO, *Cosas memorables de España*, fol. XXIII.





## Da renacencia céltiga

# A moderna literatura irlandesa



no seu nome á Santa Terra d'Eirin, que d'aquela loitaba pol-a independenza

Irlanda e Galiza – decíamos d'aquela – son terras do Estrem'Ocidente d'Europa, habitadas pol-a mesma raza e suxeitas a un fado imitante, d'un xello tal, que somella coma si Deus quixera axuntar a unha co-a outra por unha chea de misticismos e relaciós de todolos ordes, relaciós que, olladas unha por unha, parece que non teñen nada de particular, e que son com'as qu'existen entre outros moitos países do mundo, mais cand'un as considera e arrepara n-elas en xunto, en realidade son cousa que sorprende e asombra, e move a un a matizar pra contra si, e pensar qu'elo debe pender n-algunha cousa moi fonda e moi segreda. Quén sabe pra qué fado vindoiro quixo Deus preparalas, multiplicando d'iste xeito antr'elas os vencellos e mais as semellanzas?».

Cada dia – e mais hoxe, cos estudos de F. L. Cuevillas, que venen afirmar de maneira irrefutábel as teorías de Verea y-Aguiar, Murguía e Saralegui e as evidencias de Brañas e Pondal – podemos enxergar millor de que lonxe veñen as nosas afinidades cos habitadores da antiga Hibernia, e n-esas notíñas de literatura irlandesa, hemos atopar ainda novas semellanzas e novos vencellos antr'as duas ramas da casta de Breogán: antr'a Tribu Gaélica.

Pol-o Nadal do ano 1921, adicou NÓS o seu número 8 á lembranza de Terencio Mac Swiney, Major de Cork, o héroe-mártir, no so irmau de Raza, que pasmeu ó mundo, e no

Nas duas vive pra sempre a vella y-Alma céltiga, «turbulenta, melancólica, allégre, revêuse, mystique passionnée», coma dí Simone Téry, no seu libro *L'Ile des Bardes*.

Galiza ten feita a sua definición cultural y-ethnográfica con que digamos que é o extremo sul da Céltiga e o extremo oueste da Romanía. Mais pra nós, o Celismo non é somente unha recreanza arqueolóxica: é un imperativo; nós témolos ollos postos na renacencia dos pobos célticos com'a espranza de rradela e suprema, no total esborrallamento da cultura ouestional, que se vai estiñendo á nosa vista, n-un entroido de seniles inocencias e farsadas d'auto e heteromimeísmo.

Veleiquí pol-o que compre ollar pr'a irmá Irlanda, que hoxe está dando ó mundo, coma síntesis das suas promesas, unha literatura que cecais sexa antr'as modernas, a mais orixinal e mais nova, a mais arriscada.

### II

Outra semellanza antr'a Irlanda e Galiza, é qu'aló com'eiquí, os mais dos escritores escriben na léngua oficial, na léngua dos dominadores. A contribución d'Irlanda ás letras inglesas é tan importante com'a de Galiza ás letras españolas. Abonda que citemolos nomes de Swift, Congreve, Steele, Berkeley, Sterne, Goldsmith, Burke e Sheridan, do antigo, e de Oscar Wilde, George Moore e Bernard Shaw, no moderno.

Hoxe en día, podémonos gabar de que, en proporción, hai moitos mais escritores galegos qu'escriban en galego, qu'irlandeses qu'escriban na léngua gaélica. Ainda Synge emprega un verdadeiro *patois*, imitante ó do noso Valle-Inclán, nalgúns dos seus escritos. Irlanda atópase n-iste respeito n-un estado imitante ó de Galiza antr'o 1900 e o 1916,

aquel tempo en qu'a literatura galega (Xavier Valcarce, Prudencio Canitrot, Rey Soto, Basilio Alvarez, etc, etc) facíase en castelán y-en Madri.

É qu'o gaélico tiña perdido moita forza ante 1846 e 1900. Os mesmos xefes nacionalistas, coma O'Connell, e Parnell, aconselleban o emprego do inglés. A derradeiros do século pasado, de 4 millóns e meio d'Irlandeses, somente 600.000 falaban a léngua nacional, e ainda ó mesmo tempo que a oficial, e non había mais qu'unas 20.000 peisanos e mariñeiros das illas do W. que non souperan o inglés. Como nós, avergonzábanse da sua fala; a xente pasmábase de qu'o bispo Mac Hale (un dos primeiros que se decatou da importancia da léngua nacional) e o ilustre Douglas Hyde, fundador da Liga Gaélica, falasen o erse. Ningunha persoa que se tivera por ben criada o falaba.

Ainda mais: o erse é unha léngua difícil. Non é doado deprender e falar ben unha léngua de 80.000 verbas, c'unha sintaxe variada e complicada, c'unha prosodia mais complicada ainda.

Mais así e todo, as cousas variáron dend'a fundación da Liga Gaélica, anque os escritores mais coñecidos escriben ainda en inglés.

### III

A *Connadur na Gaedhilge* (Liga Gaélica) fundouse en 1893 por Douglas Hyde e Eoin Mac Neill. Os afiliados levaban unha sortella d'ouro coma sinal, e obligábanse a non falaren en inglés mais qu'o irlandés. Fixeron unha propaganda intensa en cidades, vilas e aldeias, e fundaron moitos agrupamentos; deron cursos de léngua erse e fixeron festas para conservar as usanzas tradicionais, e represenacións d'obras de teatro; publicaron boletins con testo nas duas lénguas.

A brega foi condanada, mais ó fin abríronse camiño, e igual os peisanos qu'os intelectuais e logo a xente de boa sociedade, foron entrando pol-o vello erse. Non é que todos empreguen a cotío, meis todos precuran deprehendelo, e o falado fixose sinal de boa crianza.

De que Mac Neill se viu de Ministro d'Enseñanza Pública d'Irlanda, puxoo com'obrigatorio

### NÓS

rio nas escolas, e os documentos oficiais escribense hoxe nas duas lénguas.

Douglas Hyde, un perfeito celta ata no seu fisco, bondoso, ledo e rideiro, esprica irlandés na *National University* de Dublin, onde traballan tamén Mr. Macallister e outros sabios qu'antr'outros emprendementos, preparan a edición cumprida de todolos textos da vella literatura irlandesa da Edade Media, onde atopan aniquismas leendas, com'as ulsterianas de Cuchulainn, as d'Ossian, as de Milesius, Lughaid, Amerghin e os fillos de Breogán, e outras das que teñen dado algúna noticia Murguia, Saralegul e Tettamancy.

### IV

Poucos coñecían as vellas leendas épicas irlandesas antes de 1876 en qu'os deu a coñecer Standish O'Grady na sua *História bárdica da Irlanda*.

*Standish O'Grady*, home d'unha imaxinación quente e poderosa, d'un fervente entusiasmo polo-a sua terra, escribeu a sua historia heróica da antiga Irlanda d'un xeito imitante a coma Benito Vicetto fixo a de Galiza: con moiña inventiva e con espírito de polémica, anque con mellor estilo, c'un estilo ergueito e nobre, com'o de Murguia. Ten coma historiador, os mesmos defeitos que Vicetto, mais ten tamén as adivinacións as anticipacións pasmosas con que Vicetto s'adiantou ás voltas, ó seu tempo e ó pensamento do seu tempo.

Fose coma fose, desafou un tesouro, abriu de novo a fonte eterna da Tradición, defendeu feramente as glorias pasadas da sua terra, e afirmou a sua fé no feito futuro da sua Raza. Coma fixeran os nozos historiadores, Standish O'Grady foi o gran propulsor do movemento nacionalista. Foi o gran *Precursor* d'Irlanda.

Igoal que Galiza, Eirín está inzada de xente rara. Standish O'Grady é un dos mais raros. Quer andar de cote a contrario: «Si morro no Rubián d'riba, que m'enterren no Rubián d'arriba, e si morro no Rubián d'arriba, que m'enterren no Rubián d'riba». Namentres estivo o soilo foi nacionalista; de que viu qu'o arredismo iba adiante, fixose unionista; cando o unionismo fixo algún progreso, pasouse ó comunismo...

## V

Todos señalan coma xefe da renacencia literaria irlandesa a *William Butler Yeats*, premio Nobel en 1923 e o mais grande dos poetas contemporáneos en léngua ingresa.

Os que teñen lido o número 3 de NÓS (primeira xeira), onde viña unha nota da sua vida e da sua obra, c'un poemita seu poslo en galego, xa saben que ven ó mundo en Sandymount, perto de Dublin, no ano 1865, e saben tamén os títulos d'algúnhas das suas obras. Aquello foi no ano 1920. No noso número 8, a que o principio faguemos referencia, demos tamén a versión galega d'unha peza teatral sua: *Cathleen ni Houlihan*, feita por Antón Vilar Ponte. Temos, pol-o tanto, en Galiza certa coñecencia de Yeats.

Velequí a estampa fisica do gran poeta, atal e como a pon Simone Téry:

•Face enigmática, fortemente modelada; nariz aquilino, na liña da frente, curiosamente ancha na base; belzos carnudos, un pouco tristeiros; queixo acusado, c'un plegue fondo por baixo do bico; cabelo negro agrisado, basto, botado pra trás, deixando vel-a frente harmoñiosa. Mail-os ollos mais que ren son pasmosos, cheos d'un poder estrano; por balzo das sobrellas negras, finamente desefadas en acentos circunflexos coma con tinta china, parellas a duas anduriñas coas ás esparexidas, dispostas a voar – os ollos sombrizos son a un tempo os mais reveladores e os mais misteriosos. Están tan carregados d'ensoño, que parecen adoloridos; o ollar non é lumioso, mais así coma s'estivera embebido d'unha luz difusa; crería un ver unha flama por antr'a brétema. Iste ollos semellan abertos pra dentro e non pra fora, sorberen os espetáculos do mundo, en lugar de pouzar niles; deixannos ver coma por fenestras o sombrizo rayonamento interior. O ollar parece vir de moi lonxe, do outro-mundo, revelador de misterios sobrenaturais: os magos no Oriente deben ter ollos imitantes. Tamén di que hai n'il unha preocupación d'elegancia no vestido, rara na Irlanda.

O seu caraule está com' é natural, en relación co seu fisico: vontade teimosa; boa crianza sinxela e seria; premioso pra compôr; por veces recóllese no seu ensōño de tal xeito, que

xa non sabe ond'está, e a sua y-alma non s'entera do que fai seu corpo; por riba de todo, un tremendo traballador.

Yeats ten feito moito pol-a renacencia literaria irlandesa, mail-a sua obra melrande e a que mais lle costou, foi a creación do Teatro Nacional Irlandés. Despois de moitos traballos, en 1899, axudado por Edward Martyn, foi buscar a George Moore a Londres, e deron nacencia ó Teatro Literario Irlandés, no que traballaron co-iles Lady Gregory, A. E. e John Eglinton. En 1902, arredouse Yeats d'iles e cos irmans Fay, fundou o Teatro Nacional Irlandés, prò que trouxo de Paris a Synge, en 1905, e que deu nacencia a unha escola de cómicos das mellores do mundo, senón a millor. No Teatro Nacional Irlandés puxeron assuas obras escritores do mérito de Yeats, Synge, Lord Dun-sany, Lemox Robinson, etc.

No seu pensamento, Yeats é principalmente, un misticista. Mordeu no cibo das Cencias Ocultas – cousa ben estesa na Irlanda – e, xa o feño dito outras veces; o que prende n-ise cibo, xa nono solta mais na vida... Yeats bebeu d'ise licor defendido e cheo d'engado que, cand'un o chisca, non sabe un se bebe a vida ou a morte, se bebe a Luz, se bebe o Inferno... Il sinte infuso no seu ser un espírito qu'il chama León o Africano, e parola cando quer cos invisibles.

D'estas ideias deriva tamén a sua estética, alumeada com'a de James Joyce, pol-a cencia sutil das correspondencias. Traballando con George Moore no drama *Dermid e Grania*, dixolle que pra ter unha peza ben feita, liña que o primeiro acto ser horizontal, o segundo vertical e o terceiro circular, pra realizar se cadra aquela figura de xeometria metafísica que forá a fundanza da arquitectura oxival, e que lembra a Svástika dos Aryos e a Roda Solar dos Hiperbóreos.

Véxase s'esto non avencella o pensar de Yeats co da vella Irlanda prehistórica, non sei s'obedecendo á vezo fatal que leva ó home moderno a buscar no mais recuado alén do tempo que foi, o imaculado anterior a toda cultura, o plasma primitivo do pensamento.

Yeats desbota toda alusión mitolóxica ó grecoromano, e volve á tradición do Celtismo. Ten n-esta unha erudición tan forte, que nas primeiras obras tiña que pôr notas e chama-

das, pra qu'a xente o comprendera. Estadou a fondo todal-as sagas irlandesas, toda a literatura bárdica; deprendeu con devoto degaro de cencia verdadeira os contos dos peisanos a carón do lume, as cántigas dos *ballad-singers* nas feiras: «*a arte popular - di - é a mais antiga aristocracia do pensamento.*» Certo que n'il infriuiron os simbolistas franceses: Verlaine, Villiers de l'Isle Adam, Mallarmé, mais é por como a sua estética acal co-a y-alma celta, que Yeats vive na tradición da sua terra, e d'eíqui esta definición, que semella eco dos nosos poetas da Saudade:

*«A Esperanza e a Memoria teñen unha filla e o seu nome é Arte.»*

Así houberan falado Telxeira de Pascoaes Cabanillas, Leonardo Coimbra ou Viqueira. É a mesma y-Alma Celta, a falar no Estremo-Oeste, a harpa d'Ossian e a campaña de San Patrik...

Pol-o tanto, Yeats foi naturalmente mais alá dos simbolistas e o seu teatro montou por riba do de Maeterlinck. Cobizao tan nido e tan limpo, que non quer praias decoradas, ou atura somentes as más sinxelas y-estilizadas, e ainda lles quer pôr caraúte ós cómicos, coma nos No xaponeses, pra suprimir-a expresión da face, qu'espresa as cousas de mais.

Lírico, os temas de Yeats son o heroísmo, o amor, a tradición, o ensono, a cobiza dos ultramundos. Canta o heroísmo de Cuchulainn antes da historia, e o heroísmo de Pearse e Connolly en 1916:

*«Mais d'onde uns nós sacal-a y-auga (1).  
Dixo Pearse a Connolly,  
S'as pozas todas están estilizadas?  
Out! É ben certo  
Que somentes o noso sangue roxo  
Pode volvel-a vida á Roseira,*

*E non tivo o amor mais fino chantre que il  
cando escribeu:*

*«Ou, curazón! ou curazón! s'ela somentes  
folvera a face,  
saberías a loucura de ser confortado.»*

Ou aquello:

*«Eu tendin meus soños baixo os vosos pasos;  
Andai agustiño, que tripades meus soños.»*

(1) Pra regal-a Roseira simbólica da Irlanda. A Rosa, na poesía celta significa o Amor, a Beleza ou a Irlanda.

## NÓS

Tamén cultiva as que nós chamaríamos *cántigas de mal dizer*. Vel-eíqui unha que chama: *Os sabidos:*

*«Testas calvas esquecidas dos seus pecados,  
Vellas, sabias, respeitabres testas calvas,  
Editan e anotan os versos  
Qu'os mozos retorcéndose no leito,  
compuixeron na desesperación do amor  
Pra gabal-a orella iñorante da beleza.  
Han toser na tinta deic'a fin do mundo;  
Han gastar as alfombras cos zapatos,  
Ganando respeito; non han ter amiga oculta;  
se pecaron, ninguén o sabe.  
Señor, qu'houbieran dito  
S'o seu Catulo por ali pasara?»*

Das pezas de teatro, coñecemos *Cathleen ni Houlihan*.

*The land of hearts desire* (1) pasa n'unha chouza irlandesa. Dous recién casados: Shawn e Maire Bruin cos pais de Shawn. E a véspera do 1.º de Maio, e esa noite, as fadas d'Irlanda levan ás casadas novas ó seu reino encantado. Petan á porta: unha vella vestida de verde que ven pedir leite; volven petar: un veillino vestido de verde que pide lume e todolos sirven e acaríñan; ela cisia frores no chao, e Maire enmelgada decide marchar á terra das fadas. Morre, e a fada desaparece.

*The Shadowy Waters* (2) son dous amigos, mariñeiros, Albrick e Forgael. Iste ten unha harpa máxica e quer navegar pol-o mar escuro que ninguén sulcou, pr'esquencel-o mundo. Van e cruzan c'un barco onde van un rei e unha raiña. Abórdano, matan ó rei e rouban a raiña que esquece ó rei pol-o engado da harpa de Forgael. Os compañeiros, qu'eloparon un tesouro no barco roubado, deixan soílos a Forgael e á raiña. Mail-o seu amor failles esquecel-o mundo.

*O Lumbral Real* é o poeta Seanchan que, aldraxado pol-o Rei, séntase na soleira da porta do Pazo, fagendo a folga da fame, ata qu'o Rei reconhecendo qu'o poeta é mais forte, e que d'il ven o poder todo, saca a coroa e dalla ó poeta, e o poeta volvea pôr na testa do Rei.

*The countess Cathleen* (3) é unha dona qu'en tempo de fame, vendell'a y-alma ó

(1) A terra desexada do curazón.

(2) As augas de sombra.

(3) A Condesa Catarina.

Demo, pra qu'os probes non vendan a sua; mais Deus non aproba o paulto, e a Virxe María leva á condesa prô ceo.

O estilo de Yeats é escuro pol-a sua vaguedade, pol-a sua rara panfesia d'iniciado, pol-as alusións que fai a asuntos qu'a mais da xente non sabe. Os versos leñen un engado máxico, de ritmo, d'alteraciós, de mûseca interna - décole a cencia segreda das correspondencias, á que somentes a intuición abrangue. Un intuitivo poldera traducir-a sua vaguedade en coores, en mûseca, en imaxes. Non quén nono sea.

Temos citado d'il a outra vez, *O Solpôr Céltico*.

*tigo* (1895 e 1902) e *Os Cisnes salvaxes en Coole* (*The Wile swans at Coole*, 1918). A mais d'eso e das pezas de teatro de que dâmolos argumentos, ten outra chamada *Deirdre, Plays for dancers* (1) a limitanza dos No xaponeses; *Per amica silentiae Lunae* (poesías) *The cutting of an agathe* (2) estudos críticos y-estéticos) etc.

Hai ediciós en grande das casas Tauchnitz e Mac Millán,

(1) Pezas pra danzaría.  
(2) Facetas d'unha agata.

Continuaráse

## A LENDA D'ARMENTEIRA

(Proseguimento)

*Francia*. - Segundo Balsa de la Vega (1) e Carré Aldao (2), Froissart nas suas «Crónicas» refire como sucedida non sabemos en que terras de Francia, no século XI. Quizalves poida identificarse co-a localización anterior.

*Bélxica* — Localízase segundo Calatayud (loc. cit.) e outros no mosteiro de Afligen, no Duquedo de Brabante, entre Bruselas e Alost. Yepes anque fala moi da sua sona e dos seus ilustres fillos, seguindo a Meyer, Mireo, Renato Copino e Tritemio, non recolle a hestoria. Coido é atribuída a un dos fundadores axuntados baixo Gederico, primeiro abade, polo ano 1083, chamados Gedulfo, Teobaldo, Emolino, Argero, Hulgolfo e Gerardo.

*Suecia*. - Moitos literatos, atribuindo esta lenda á provincia temática do N. europeo, localízana no mosteiro da Encarnación, na rexión norte da Suecia.

*País de Gales*. - Carré Aldao e Balsa de la Vega asignana ó País de Gales, coma do século V.

*Irlanda*. - Pódese ollar o belido conto de Kennedy, *Música do ceo*, nas *Fire Side Stories of Ireland*. Iste conto foi traducido por M. Loys Brueyre (1) nos seus *Contes populaires de la Grande Bretagne*. Brueyre cita moitas tradicíos somellantes recollidas por Thiele, Ralston, Grimm, etc.

*Alemania*. — Localízase na Serra de Odenwald no W. entre o Neckar i-o Mein, no Gran Ducado do Hesse. Ten as mesmas caraterísticas que na Galiza. O lugar da localización, un dos mais fortes paisaxes da Europa, cos seus grandes bosques i-o seu Bergstrasse, e tamén unha das mais lexendarias comarcas da terra alemana.

Cóntase do monxe Félix, cisterciense, que duvidando de que poidese sere eternal a felicidade do ceo, escolta un día, no xardín, o cantar d'un paxariño albeiro. O Tanxido da campaña chamando a mailines, espértao, e quer entrar no mosteiro, mais o porleiro nono recibece e lle non permite a entrada, botándoo coma tolo e bêbedo. Os monxes tñamponco o

(1) BALSA DE LA VEGA - *La leyenda de Armenteira*. Ilustración Española y Americana 30 de Marzo de 1909.  
(2) CARRÉ ALDAO - *El monje y el pajarillo* - Almanaque E. I. G. 1924.

(1) M. LOYS BRUEYRE - *Contes populaires de la Grande Bretagne*, Paris, 1875, páx. 35 e seguintes.

lembrian, mais un vello de cen anos, tolleito xa, recorda da sua mocedade tal desaparición. O libro de mortos garda o seu nome. Pasara un século (1).

*Austria.* - En Olmutz, capital de Moravia, según algunha derivación que no seu dia olláremos.

5.º *Sen especificación de senso.*

A) Lendas cristianas de orixen islámico forxadas a carón d'un texto elcoránico e que teñen como base unha relación talmúdica:

a) Narración de Mohamed Benishae (s. VIII).

b) Narración de Abenfathuya (s. VII).

c) Narración atribuída a Abenabás, filo de Mahoma.

De todas elas falamos xa d'abondo na nosa primeira conferenza (2).

B) Lendas de orixe cristianas basadas na lenda siriaca dos Sete Dormentes de Efeso, con desenvolvo en ambas civilizacions, forxada no Oriente no século VI e que pasou ó Occidente por unha traducción latina de San Gregorio de Tours. É un ciclo de tal importancia que pode ser o xenitor de todo o conxunto no medioevo cristian, anque hoxe estéa mais en boga a hipótese de que a xeneralidade das tradicións islámicas foi a que dou lugar no século XIII ás téndas de dormentes (3).

Así resume os carácteres das caltro redaccións, conservadas por Tsaalabi e traducidas por Guidi, d'iste xeito:

Sete cristianos nobres de Efeso, baixo a persecución de Daciano, refúxanse nunha cova e dempols de comer das froitas d'un horto cercano e de beberen da auga da sua fonte, fican dormidos por trescentos anos. Naméntras o seu pobo i-a sua familia danos coma perdidos e logo de procuralos en van escriben os nomes c'a historia e mais a data do feito nunha chapa.

Pasan tres séculos, e Deus volve a vida ós dormentes, que coidan ter dormido solo un día. Un d'eles deixá a cova de Efeso pra mercar comida e saber do estado da persecución.

(1) LONGFELLOU - *The golden Legend*. Vd. tamén ASÍN PALACIOS, op. cit.

(2) ASÍN PALACIOS - Id. páx. 276 e seguintes.

(3) GUÍDE - *Testi orientali inediti sopra i Sette Dormenti di Efeso*, Ad. «Atti della R. Accad. dei Lincei» 1884, páginas 343-445. SAN GREGORIO DE TOURS - *De gloria martyrum*, cap. 96. NOLDELKE - en GOTTFRIED - *Gedruckte Anzeigungen*, 1886, númer. II.

Conforme anda, vai medrando a sua sorpresa. Os vieiros sonlle descoñecidos. Sobre da porta da vila, unha bandeira verde ten unha inscripción: «Non hai más que un Deus e Xesús é o seu Espírito». Na vila olla xente que non coñece. Quer mercar pan, mais a moeda vella que dá, co cuño de Daciano, faiño sospeloso ó panadeiro qu'o leva ás autoridades coma reo de ter atopado un tesouro. Con moitas dificultades, chega á sua casa onde un neno seu, vello xa i-enfermo, recofíoceo. D'iste xeito xustifica diante dos xueces a sua persoalidade i-a sua historia é creida por elos. Tópase logo a antiga chapa que ven confirmar mais a verdade dos seus ditos. O pobo i-as autoridades ven ollar a cova onde os sete dormentes rexurdidos morren aixiña e son soterrados, ergúendose riba da sua campa unha grande cirexa.

C) Lendas de viaxes.

Derivanse das lendas célticas de Arnoldo de Noruega, Gorno de Dinamarca, Maldulno, os fillos de Conall Deag Ua-Corra, de Snedhgus e Mac Rigala que teñen ouxetivo relixioso e da odisela monástica de San Brandan (1).

O seu tipo é híbrido entre a expedición mariña en percusa do paraíso i-a lenda de dormentes. Podemos recollere algunas versións:

a) A dos *monxes armorianos* narrada por Godofredo de Viterbo, e que conta ó voltar de ollaren a insua do Paraíso, topan todo trocado e pasados trescentos anos.

b) A de *San Amaro*, popular na Galiza e difundida entre nós por ediciones castelanas, especialmente pol-a de Burgos de 1552, citada por Valera (2). A súa versión galega foi recoñida por Carré Aldao.

c) A dos tres monxes do mosteiro de Clhón, italiana, do século XIV, somellante á dos armorianos (3).

d) A do *príncipe*, italiana tamén, e do século XII. Conta que un príncipe, ós tres días das suas bodas, é levado ó Paraíso e pasa nél trescentos anos que lle somellan tres horas. A súa familia ante tanto, fai do castelo un

(1) DE GOEDE - *La Legenda de San Brandan*, Ad. «Actas de VIII. Es. interna das Orientes» Sect. 1.º páx. 45-76 - Leyde, Brill, 1891.

(2) VALERA - *Dissertaciones y juicios críticos*. Discurso sobre das Cántigas na sesión da R. A. E. presidida pol-o Emperador do Brasil.

(3) Ibid e ASÍN PALACIOS op. cit.

mosteiro, dándoo por morto. Cando torna, é grande a sua sorpresa ó ollar riba das torres, non o pendón da sua familia, c'a águia, senón a bandeira c'a crus. O príncipe morre cando come o pan dos homes.

e) A lenda bretona do *pastoriño que foi levar a carta ó ceo*. Recolleuna Luzel nas suas *Legendes chretienas de la Basse Bretagne* e temos nós falado xa das suas variantes (1). Di elisi:

•Un pastoriño de 13 anos, que gardaba unha grega de carneiros, era moi bó, e Deus quixoo recompensar.

De feito, un día, El Señor mandoule un dos seus anxos baixo a fentura d'un vello de barba longa e albeira. O vello foi topar ó neno baixo da soma d'un carbello, achegouse e dixolle:

– Meu neno, dixéronme que érades caridoso; eu quixera levar esta carta ao bon Deus, mais xa vou vello e abafaría; queres ti ire?

– Mais si, meu pai, irei e moi ledo, mais compre que alguén garde os meus carneiros.

– Pois ben, pequeno, ti veite, que eu fico elqui no teu canto, agardando a tua volta. Toma a carta.

O neno colleu a carta, escadou un outo cumo e chegou a un vieiro cuberto de silveiras; elas faguer, faguianlle mal, mais o pastoriño andaba sempre. O fin topou unha boa porta dourada que daba entrada a un meigo pazo. Petou e un vello venerabre veulle abrir.

– É elqui onde é o Paraíso, Señor? – perguntou él.

– Si, meu neno, é ben elqui, mais non todo o mundo pode entrar.

– Mais traio unha carta pro Señor.

– Vexámola.

– É mester que eu mesmo lla dea da miña maui.

– Pois entra i-agarda.

Pouco tempo despois retornou c'un ser maravilloso d'unha beleza santa i-escintilante. O neno, branco da emoción, deulle a carta. O bon Deus, porque él era, abriuna, e fixo coma quen lee, e logo dixo:

– Está ben, meu neno, ti fixéchete molto mal pra chegar deica elqui, non si?

– Ou si, magoelme molto!

Ven ver logo a miña casa.

O bon Deus fixolle ollar boas salas, belos xardins cheos das, mais belidas froles recentes e paxaros de canticas harmoniosas e anxos brancos que cantaban tamén co son de arpas d'ouro, fixolle ollar tamén os vellos santos e santas da sua terra da Baixa-Bretaña, coroados de grola e profetas paseando por belos parterres de froles baixo arbres carregados de froitos.

Todo era ali ledo i-escintilante de lus e o nenos e non podía atelgar de contemplalo, si ben o bon Deus dixolle:

– Vamos, meu neno, volve agora deica o que te mandou c'unha carta pra mi, pois te mo que perda a pacencia en agardarte, xa que van cen anos que salches d'alá embaixo.

– Cen anos? Pode ser? Paresme ainda que non hal unha hora!

– Hai cen anos, meu meniño – e dándolle unha carta dixolle: – Toma unha carta que derás ó vello que te mandou, e sen tardar, vol-las pra ollarme, e d'aquela ha ser pra sempre xamais.

O neno colleu a carta e tornou ó seu pesar. Baixou á montaña e por fin chegou onde se atopaba o vello.

– Ollai vos qu'iso, xa tornas, non si? – dixo o vello.

– Si gracias a Deus – respostou o neno.

– Ti estiveches muito tempo.

– Vos atopádelo longo meu pai? – Eu non.

– Si, meu neno, mais de cen anos, mais pouco me importa. Ti tés ollado a Deus?

– Si, verdadeiramente, meu pai, eu ollei ó bon Deus que me fixó ainda visitar o seu paraíso, onde ollai moitas belidas cousas.

Aquí romatarei por hoxe istos apuntiños feitos solo c'a tençón d'ilustrar o día de mañán unha edición das Canticas d'El Rei Sabio localizadas na Galiza.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

Cerveza MAHOU

A Millor  
de España

ALONSO e ALBERTE

OURENSE

(1) LUZEL - Op. cit. pax. 222.

# QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

De todal-as demais verbas inquiren o mesmo, mais curiosa que verdadeira e utilmente; e asina fanas todas derivadas ou compostas, ningunha sempre ou primitiva; quen non vê qu'isto é vanidade e ignorancia? Si a verba *lapis* foi, coma dis, imposta pol-a natureza da cousa, acaso é da natureza da pedra o mancar no pé? Coido que non. Mais sexa. De que xeito a verba *laedo* repersenta a natureza do dano que sinifica? De que maneira a verba *pes* significa a natureza do pé? Imos dar ó infinito.

A verba *humus*, non se di así por mor da humedad; pois pol-a contra, a terra é o mais seco dos elementos, asegún dis. Mais supondo que sexa moi húmeda, e que d'ahí se diga *humus*, d'onde ven *humedad*? Se sinalas algunha cousa da que está se diga, o mesmo perguntarel por ela. De novo imos ó infinito. Si te detés n-algunha verba, xa non haberá como saber que ela mostra a natureza da cousa que sinifica. Pois asegún esto, todal-as verbas intermeias enantes d'aquela, parecian repersental-a natureza da cousa, porque derivaban d'outras que sinificaban algunha cousa, deixa chegar á derradeira; a qual de ningunha outra deriva, asegún li; de novo perguntariache segunda volta sobre d'ela. Agora ben, cantas son as verbas simpres? Cáxeque todas.

Ademais, si a verba *panis* foi imposta pol-a natureza da cousa, porque en grego dícese: XOTOS, en Británico *Bara* y-en vasco *Ougua*, verbas cuia diversidade no son, nas letras e no acento é tanta que semellan non ter relación ningunha? Si dis que somentes unha léngoa foi imposta asegún a natureza das cousas, porque nono foron as outras iguais? Ou cal é a que, o foi? Si dis que foi a primeira, a d'Adam; é certo, pois podia facelo, porque coñeceu a natureza das cousas, asegún testemuña o autor do Pentateuco; e d'aquela sería en

verdade de desexar qu'a sua filosofia ou a que temos nós fose escrita no seu idioma.

Si dixeras entón qu'aquela se non podía deprender nin espricar n-outra léngoa que na sua, eu non habría negar eso; mais dis que se non pode espricar mais qu'en grego ou en latín, léngoas que non son impostas pol-a natureza das cousas. As verbas corrompense continuamente; eisisten libros franceses e españoles nos qu'atoparás moitas verbas cuia significación é por inteiro desconecida. E antr'os latinos, non hai moitas verbas desusadas, e se non inventan a cotio outras de novo? O mesmo pasa no lençoaxe que nas outras cousas, que co uso continuo cambean, e acontece sel-o cámbeo tarlo, qu'inteiramente dexenera e false diverso; d'eíqui provén que teña desaparecido o antigo idioma latino, trasformado agora no italiano vulgar; co grego socede o mesmo. Si algúns libros conservan sobreviventes as duas léngoas, difiren, non embargante tanto do seu antigo esprendor, que si Demóstenes e Cicerón nos ouviran falar na sua léngoa, pode que riiran de nós. Mais non é esto somentes, senón que iste idioma colle emprestadas moitas verbas d'outro, e aquil á sua vez d'outro, e asina xusgo que nonos queda ningunha léngoa lexítema e pura. Por conseguinte, as verbas non teñen ningún poder pra declaral-as esencias das cousas, se non é aquil que lles veu do arbitrio das qu'as imponen: a mesma forza ten a verba *cans* pra sinificar can que pan, si é que gusta.

Hai verbas impostas non pol-a natureza das cousas, senón por algún efecto ou accidente. Pox, quen coñeceu as esencias das cousas pra asegún eles impoñelos nomes? Ou que comunidade teñen as verbas coas cousas? Aquelas son as que nós chamamos propias, coma si chamas ó homen visíbre ou feble, sóbr'os ca-

les están os primitivos, ou sexa *risus e fletus*, que ningunha forza teñen, senón a que recibiron do noso arbitrio, como *alipes* que din de Mercurio, ou *armiger*, e outras verbas compostas.

Hai outras verbas que pol-a semellanza do son imitan as voces d'aquello que significan, por eso lles chaman onomatopéicas: com'o cacarexar das pitas, o chiar dos corvos, o ruxir do león, o balar das ovellas, o ladrar dos cás, o relinchar dos cabalos, o muxir dos bois, o gruñir dos porcos, o roucar dos que dormen, o susurro das augas, o asubio, o tintinelo, o son das trompetas ou o verso equil:

Baubantem est timidi pertimuisse canem,  
E ist'outro.

Et tuba terribili sonitu tarantara dixit  
E ist'outro:

Cuadrupedantem putem sonitu qualit ungula  
[campum]

E n'esto tampouco ha demostración nin  
gunha do qu'as verbas significan, senón unha  
semellanza nos sons.

Tampouco se debe buscal-a derivanza en  
todas as verbas, pois entón iríamos pasar ó  
infinito; mais arredende xa do asunto mais do

que tiña pensado. Volvo ó punto de partida. Canta variedade non hai na mesma especie humán? N'unha parte, os homes son todos pequeninos, os chamados enanos; n'outra son todos moi grandes, os xigantes; non andan uns inteiramente en coiros? Outros son moi peludos, teñen o corpo todo cheo de pelos; hai outros enteramente privados do lençoaxe e viven nos bosques, escóndense nas covas ou tamén viven nas arbres ó xeito dos paxaros; asina acontece roubar homes coma nós, e devorálos con pracer; hai outros que non preocupados de Deus e da relixión, teñen todo en común, ainda os fillos e as mulleres; son nómadas, non teñen asento fixo. Pol-a contra, outros apelados por Deus e a relixión, verlen por lles valentemente seu sangue. Cada un quer ter unha pátria, casa, muller e familia; e téndoa, defendena deic'a morte. Outros, quando morren, enlárranlos ou quéimanlos cos amigos, as mulleres e as cousas; outros, non cojando d'estas cousas, fican insepultos; un vivo sofre e intenta ser esnaquizado e posto en cuartos; outro xulga que compre fuxir da morte a todo trance.

*Continuaráse.*

## ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

Recollido en  
Valdeorras pol-o pintor XAIME PRADA

### O gato do convento

Eu xuncín os meus boixiños  
mercheime co-eles a arada  
e no medio do camiño  
acordóuseme a aguillada  
tornel, e volvíñ por ela,  
topei a porta pechada:  
- ¡Abreme a porta muller,  
que veño por a aguillada.  
- Non che abro meu marido  
que che estou moi ocupada.  
Fun e abrira como puden  
busqueina onde acostumaba:

¿Qué é aquello, muller  
qu'está debaixo da cama?  
- É o gato do convento  
que ven pr'onde o noso gata.  
- Dame a escopeta muller,  
Fixen como que apuntaba  
- Non fagas iso marido  
que luxas a miña cara,  
que se comes o bon pan  
da sua casa mo mandaba  
e se bebes o bon viño  
él era o que cho pagaba.

- ¡Quén te me déra muller  
na terra branda enterrada  
con cén carriños d'estrumo

por derriba da tua cara!  
 - ¡Quén te me dera Marido  
 no medeo da nosa sala  
 cos pecíños amarelos  
 i-a cariña amoratada  
 i-o crego cantando á porta.  
 Eu tocando o meu pandeiro  
 - canto eu o repinicara -  
 e dirian os viciños:  
 ¡Qué contentia a Mari-Juana.

#### Romance da "Gallarda"

Estándose la Gallarda  
 en su ventana florida  
 vió venir un caballero  
 caminando calle arriba.  
 - «Sube, sube, caballero  
 sube, sube, por tu vida  
 - Subiu logo o caballero  
 folgándose da conquista  
 e na metai da escaleira  
 alzou os ollos pra riba.  
 Viu unha chea de cabezas.  
 A todas as coñecía.  
 - Que é aquelo, Gallarda  
 que é aquelo, Gallardilla  
 - Son cabezas de lechunes  
 criados en mi montaña.  
 - Mientes, mientes mi Gallarda;  
 mientes, mientes Gallardilla,  
 que son cabezas de hombre  
 por Cristo, lo juraría.  
 Una era la de su hermano  
 que con el alma quería  
 y otra la de su padre  
 cuya muerte vengaría.

Logo lle puxera a mesa  
 caballero, non comía,  
 logo lle puxera a xarra  
 caballero non bebía  
 - Bebe, bebe, caballero;  
 bebe, bebe, por tu vida.  
 Como ei de beber señora  
 co sono non podería  
 Logo, lle fixera a cama  
 caballero, ben lle mira  
 qu'entre sábenas e xergón  
 puñal de prata escondía

¿Qué buscas ahí mi Gallarda

que buscas ahí Gallardilla?  
 Busco mi rosario de oro  
 que rezó todos los días.  
 Empezaron vuelta y vuelta,  
 luchando a mucha porfía  
 y de un golpe el caballero  
 el corazón le partía  
 - ¡abrid las puertas portero!  
 abrirlas con alegría.  
 - Estas puertas, no se abren  
 mientras no sea de día  
 - ¡abrirás pronto, porteros,  
 abridlas por nuestra vida  
 - Estas puertas no se abren  
 si no viene Gallardilla  
 - Gallarda queda en un sueño  
 del que no despertaría  
 - Bien lo hayas caballero  
 bendite tu valentía  
 Cuantos hijos de familia  
 aquí dejaron su vida

Cantar da rípa do lago Val de Orres.

#### Romance de Cautiva

Me cautivaron los moros  
 entre la paz y la guerra,  
 me llevaron a vender  
 largas tierras a una feria  
 No había moro ni mora  
 que por mí una blanca diera;  
 pero llegó un perro moro  
 que tarde vino a la feria  
 que por mí pagó cien dollas  
 y una mula corredora  
 Quiso Dios y mi fortuna  
 que encontré con ama buena  
 dábame do seu pan branco  
 do que o moro pon a mesa  
 dábame do viño tinto (?)  
 do mellor da sua bodega  
 deitábame no seu colo  
 calabame na cabeza  
 siempre me estaba dicindo  
 ¡Cristiana vele a tu tierra!  
 ¡E como me ei de ir señora  
 si non teño unha moneda  
 - Yo te daré las cien dollas  
 y la mula corredora

Iba mediado el camino

con el perro moro encuentra  
 - ¿A donde vas cristianilla  
 en mi mula corredera?  
 - Regalouma a sua señora  
 e vóume pra miña terra  
 Con la furia el perro moro  
 de la mano me cogiera  
 haciéndome renegar  
 la madre que me pariera  
 haciéndome decir misa  
 a la sombra de una hoguera (?)  
 y ofreciéndome de cáliz  
 una pata de su yegua.  
 Y me hizo consagrar  
 la *sangre* de una culebra  
 y me hizo comer por hostia  
 una hojita de yedra...

(Cantar do rito da illa) Val de Orras.

### Romance da Forzada

En los altos de Aragón  
 hay una capitánía  
 con doscientos mil soldados  
 la flor de todo Castilla  
 iba por la calle abajo  
 una madre con dos hijas  
 Le preguntara un alférez  
 ¿cuál de las dos es mas linda?  
 ¿la del bordado mandil  
 o la de roja basquiña?  
 Esta noche robo una,  
 aunque me cueste la vida  
 a eso de la media noche  
 fueron a robar la niña  
 Tiraban puertas al suelo  
 - No venimos por ladrones  
 que venimos por su hija  
 - Mi hija no se encuentra aquí  
 a dormir fué a la villa.  
 Rexistraron sete salas  
 na más ruin estaba a niña  
 - Adiós hija de mi alma  
 adios hija de mi vida

procura por tu conducta  
 mas que te cueste la vida  
 - Procure usted por la suya  
 la mia ya va perdida  
 No mais alio d'unha serra  
 foron a burlar a nina  
 mais ela con toda a forza  
 berraba que non quería.

### Cantar da saitura

Díronlle tres puñaladas  
 que da menor xa caía,  
 montan dispois a cabalo  
 e a sua noi lla volvían.  
 Recolle a filla a sua noi  
 e morta xa lla traían.  
 ¡¡Xusticia Siñor do Ceio  
 que na terra non había,  
 Xusticia pra esos ladrós  
 que me mataron a filla!!

### Vuelta de la Guerra

Estando en mis vidrieras  
 hilando y forciendo seda  
 vi venir un caballero  
 por lo alto de la sierra;  
 me atreviera a preguntarle  
 si venia de la guerra,  
 si había visto a mi marido  
 - siete hay que está en ella -  
 - Su marido, gran señora  
 su marido muerto queda  
 la boca llena de sangre  
 los ojos llenos de tierra.  
 - Señor, si eso fuera cierto  
 cerrara mi vidriera  
 y las tres hijas que tengo  
 en convento las pusiere  
 la primer letra que borden  
 la de su buen padre fuera...  
 - No se asuste V. señora  
 que este su marido era!  
 - ¡Gracias a Dios y á la Virgen  
 que mi marido volviera!



## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### PORFIAS DIVERSAS

O galeguismo, por adentro, atópase en «grand melée». Risan nos campos —que mollos maxinan sen llindeiros— do entendemento, a gran porfia pol-o conquerimento do porvir. Os mais ainda andan de ponla en ponla, co-mos gayos, dos qu'o mérito principal, ase-gún certa vella descripción de Galiza, é remedaren a voz humán.

Imos ver.

#### A PALA.

N-iste seitor da loita é onde hai mais perigo pra se meter, pois hai señores que chaman galego antigo ó da ESTORIA TROYAA, e naturalmente, están pol-o galego antigo, e a sua caraxe leva cobiza d'agresión.

Na outra trincheira, os que queren estreital-a aperta de Portugal e Galiza poñendo nh e lh, non teñen pacencia pr'agardar qu'a chuva derreta as estautas de sal.

Mais práutica —sen tirarlle intrés a aquela porfia— é a idea de volver Imprentar o VALLADARES, pol-o menos, namentras Don Eladio Rodríguez nonos dá o seu.

#### O TEATRO.

Os satisfeitos apóñeno a dificultás de realización. Os insatisfeitos a ruindá de produción. E a mala fada pende, sen volta, no pésimo exemplo do teatro castelán.

O primeiro é esquecer o que son os rompimentos o foro a teral dereita, a lateral esquerda, o mutis, o medio mutis, o primeiro término e o fondo.

O segundo, esquecer o público.

O terceiro, escribir.

#### O AVANGARDISMO.

Se non tivermos avanguardistas, habería qu'ir pensando en remexel-as follas do xerón. Mais por fin temos rapaces pra quenes o estar na avangarda é unha obriga que teñen que cumplir manque lles pese, en lugar de ser un fado interior descuberto calquera día de sol ou de chuva. De calquera xeito, o

que non faga perder a persoalidade racial debe ser aprobado:

«La personnalité —di un dos d'iles, Jean Epstein— passe l'intelligence. Elle est àme visible, herédité apparente, charme dominant, grâce innée, un peu moins et tellement plus que la perfection... Seule la personnalité habpe et dresse ce sort, étant sans doute le sort lui-même». (Eu Les feuilles libres, Paris, Octobre-Novembre, 1922).

Porque non é igual levar o pendón que levar vela, crar está —veleiquí o Ichó— e mollos repiten o qu'ouvirón sen se decataren de qu'outro xa o sabía... E os anuncios lumiosos brillan mais qu'as estrelas, porqu'están mais preto, criando unha lusión empírea qu'abonda namentras s'un pode conformar co-ela.

Mailos que tiran contra os avanguardistas, fan mal, porque ó fin anque haxa outros muitos —cand'o home pon o pé no chao (di o ÇATHAPATHA-BRAHMANA) pisa sempre cen vieiros— é un camiño. O que compre é andalo aixiña.

#### O COMUNISMO.

Tamén hal comunistas. Eu non sei como unha sociedade calquera d'hoxe podería pasar sen comunistas. Eu non sei si compren pr'a perfeita harmonía da sociedade moderna, ou pr'a seu compreto esborrallamento. Sea o que sea —e conste que non quero comprometer a ningúen n-iste meu pensar— levan feito tanto ben no mundo que, anque tiveram o seu doutrina por absurda, debéramos padricala eiquí tamén, senón houbera quen nos aforre esta angueira.

É certo que o que ten de mais discutible o comunismo, é o que ten de marxismo no comunismo, por furturas, e tamén qu'eu atopo mais positiva a ditadura do proletariado —e anque tivera Carlos Pensa a igual— que non o soño comunista de despois, que m'aborrece un pouco.

Mais a verdá é que hoxe en día, a xente con quem millor podemos falar os galeguistas puros, é cos comunistas.

V. R.

## ALGÚS FEITOS

*Castro Gil en París.* — Espuxo no Salón da Sociedade Artística e literaria de América latina, xa o pirmelro día vendeu por valor de 60.000 francos, e sigueu vendendo ata quedar sen ningunha. Ainda o editor Richepais contratouno pr'illustar edicíos de luxo. Sonado trunfo que celebramos, e que pomos diante dos ollos dos nosos artistas, que tanta querencia lle teñen ás fercelras medalles, prallese amostral-o camiño ..

*Lanzarote en Galiza.* — Trai o Boletín da Academia Galega do mes de Xaneiro, que o Sr. Serrano Saez atopou nas gardas d'un libro da Biblioteca d'Osuna, que se conserva na Nacional de Madrid, fragmentos d'un *Lanzarote* escrito en galego a fis do século XIII e comezos do XIV. O qual ven confirmal-as nosas ideias a persistente influencia dos libros de Cabaleirias — parte importante da literatura céltiga — na nosa terra, e que d'elqui foi que se trasmitiron á Hespanha. Nova afirmanza do noso céltismo.

*Galiza nas escolas.* — Á Federación de Sociedades Galegas d'Istrucción de Bôs Aires; no seu IV Congreso tido o 27 de Nadal, derradeiro, acordou recomendar ós escolantes que rixen as escolas sostidas por aquelas sociedades, que dean leccións de Léngoa, Literatura e Historia de Galiza, esta vez o exemplo veunos das colonias galegas d'América, exemplo dino de todal-as gabanzas, que honra ós nosos emigrados que se preocupan xa da renacencia da sua Terra.

NÓS mandalles unha apera, e a seguranza dos nosos mais fondos sentimentos d'irmadade, e mandallos co-a ledicia e a esperanza no axuntamento do noso esforzo común pra afirmanza da y-Alma Nova de Galiza.

## LIBROS

### NOVELAS "LAR"

*Anxélica*, a novelina póstuma de Don Florencio Vaamonde, n.º 16 de *Lar*, é mais ben unha esquise, que non foi rematada de todo. O tema é o mesmo qu'o d'*O Pastor de Doña Silvia*, do Ribalta; mais elqui semella por certas siñas, que foi un caso certo o qu'o autor nos conta. E por certo que casos como iste debéreronse dar ben d'iles na nobreza galega, afeita a vivir en familia os seus servidores, e, dend'o punto de vista euxénico, non merecen senon gabanza esas bodas que veñen traguer selva nova ós vellos arbres xenealóxicos. Loubouse moi este novelina pol-o escollido e perfeito do galego en qu'está escrita. Don Florencio, persoalidade ben curiosa por mais dun conceito e home de moita sabidencia, era la-

mén un dos mellores coñecedores da nosa fala. O irmán do ilustre autor d'Anxélica, o douto bibliotecario da Academia Galega Don César Vaamonde, avaliou o volume c'unhas nolíñas moi eruditas.

*Maneche o da Rua*, de Xosé Lesta Meis, é a historia ben malfadada por certo, d'un emigrante, un mocío da aldeia a quem leva pra Habana a cobiza do lonxe, com o disfunto Viqueira chamara á Saudade, e que volta coa saudade d'un amor e os asomos d'unha vida que deixou aló, e remata por tomar veneno. A presentación da nail do Maneche e a pintura da vida infernal e anguriosa dos traballadores dos inxenos, son páxinas naturalistas ás que non estamos moi afielos, mais que ás 18 páxinas desaparecen xa, deixándonos outra vez no terreo onde nos movemos adoitio. Ten acertos e verdade esta novelina.

### COMPARAÇOES TRADICIONAIS PORTUGUESAS, por CLAUDIO BASTO,

Espousende, 1924.

Estuda n-iste librito o ilustre literato, etnógrafo folklorista, 20 comparanzas referentes a *vello*; 6 ditados alestando a estimanza da carne de carneiro; 7 comparanzas referentes a *chorar*; 5 a *sordo* e 36 a *magro*, con mais, 7 expresións indicativas da magreza. Todas estudiadas co fino y-erudición qu'adoita pôr nos seus valiosos estudos. No número que ven estudaremos no noso *Archivo filológico e etnográfico de Galiza*, o que trai referente á nosa terra.

### BOLETIN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGA

No número de Xaneiro, *La inscripción de La iglesia de Cuntis*, por Celestino García Romero. — *Los benedictinos en la Universidad de Santiago*, por Fr. Vicente Beltrán de Heredia. — *Iglesias antiguas de Galicia: Santa María de Pontellás, San Julián de la Puebla, San Payo, San Esteban de Sayar y Santiago de Sisamo*, por Angel del Castillo. — *Archivo de Secretaría de la Soberana Orden de Malta: Relación de Documentos*, por el Conde de Vallellano. — *Carolina Michaëlis*, por Fernando Martínez Morás. — Sección oficial: *Homenajes en honor de D. Florencio Vaamonde*. — *Noticias*; sobr'a inauguración do monumento a D. Vicente Carnota, en Ordes, e sobr'a descoberta d'un *Lanzarote* escrito en galego.

No de Febreiro, reseña do homenaxe que Galiza rindeu a duas figuras ilustres, das nosas letras: Martínez Salazar e Marcelo Macías. astorganos que, gabándose de seren *galegos asturianos*, tanto fixeron pol-a nosa terra; e *Inscripciones inéditas de la Catedral de Santiago*, por A. del Castillo.

Co-iste número no que remata o tomo XV

do benemérito Boletín, repartíuse o cuaderno 25 – ainda o 25! – do Dicionario galego-castelán, que comprende da verba *camiño* á verba *capela*.

#### A NOSA TERRA

A de Febreiro trai un poema de Cabanilles: *Sanxenxo: Lóstregos do Couceiro Freixomil; Ao decorrel-os días*; unha prosa de F. Abelaira, e notas e parolas en col do *Teatro galego, Homenaxe a Rusinyol, Un Dicionario galego, a Obra póstuma de Pondal, Os gallegos na América*, etc., todas d'atualidade, e que todos deben coñecer.

CÉLTIGA, 25 Dbre. 1925.

Trai orixinás de Cabanilles, M. García Barros, Antonio Nobre, Críticas e outros, e ilustracións de F. Iglesias. Castelao e Borobio; a interesante selección de combate *El momento de Galicia e Aguas fuertes quincenales. Comienzo de Cántigas populares*, con alalás de Celanova a Ginzo, *Ephemérides gallegas. Idearium galeguista* onde fala da Federación de Sociedades agrarias e culturais, e pon a *Teoría do Nacionalismo galego*, e un pouco de *Saudade* do Quintanilla, en informacions de Teatro Sport en Galiza, sociedades galegas, etcétera. Dia por dia vai ganando en intrés a revista *Céltiga*.

ALFAR, Diciembre 1925  
Enero 1926.

Número como todolos d'esta publicación que ven ser o órgano do avanguardismo en Galiza, principalmente nas suas formas estranxeiras, d'equi e d'afora, luxosamente presentado. Trai orixinás de Antonio Machado, Bonilla San Martín, Manuel Casas, C. Amor Naveiro, Nicasio Pajares, J. de la Luz-León, María Luisa Iriarte, López Picó, María Euge-

nia H. Iribarren, M. Arconada, Gil Bel, Anatole France, César Vallejo, Adriano del Valle, e outros, e ilustracións e reproduccións de Oroz, Benet, J. Obiols, J. de Creell, M. Kisling, Van Dongen, Fabory, C. Bracho, Cebreiro e Barradas. Bó boletín. O poeta Julio J. Casal non perde o seu esforzo. Adiante.

#### A AGUIA, Porto,

O derradeiro número recibido, ven datado do mes de San Xoán pasado. Trai excertos da versión portuguesa do *Kether-Malkhuth* de Ben Gabirol; por Barros Basto; *Saudades da Terra*, excerto de un traballo por Gaspar Fructuoso, ms. do século XVI; *A Ilha do Corvo e a sua estatua* por Antonio Ferreira da Serpa; *Relendo os clássicos* (sobre unha égloga de Melo) por Hernani Cidade; versos d'Angelo Ribeiro; notas d'arte de Vitorino Ribeiro; Biografía.

#### BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, t. VI, quaderno III.

Sumario: *Don Pedro de Lema y Pérez y la Iglesia y Diócesis de Segorbe* por José María Pérez Martín. – *Un plan general de ordenación y urbanización de Castellón*, por Vicente Traver. – *Nombres árabes de la Provincia de Castellón o usados en ella* por Pascual Menau. – *Folk-lore*.

#### EL FRANCOLI

Remarcabre o n.º de 1.º dano, con curiosas efeveridas históricas da Espluga, que foron loubadas no mellor da imprensa catalana.

*Imprenta LAR Real, 36 1.º - A CRUÑA*



## **Sanatorio Quirúrgico de Ourense**

Direitor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

**D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ**

CIRUGÍA

**D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ**

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, practícase n-o todo crás d'operacions de Cirugía geral, especialidás, ginecología, etc., etc. A pensión é de 10 pesetas diarias, inclusa n-o a mantenza, material de curas e visita médica diaria. As operacions e tratamentos especiais serán oujeto de trato anterior.

Hai Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (para tratel-as anexilis, etc.) e o material eléctrico preciso para diagnósticos e tratamentos.

NOTA: Hai de cote material esterilizado para operacions d'urxencia p'res enfermos que non se poiden freguer ó Sanatorio.

e mais para partos, adentro e fora da cidade.

Para informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

OURENSE •

Carretera da Loña

Teléfono 179

Lea  
vostede  
a novela  
mensual

# LAR

Suscripción a 6 números  
1'60 pesetas

Ademinis-  
tración e  
imprenta  
Real 36-1.<sup>o</sup>

## A C R U Ñ A

Fabricación  
especial de  
toda sorte  
de Cristales  
ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execucion  
esmerada  
das recetas  
dos seño-  
res Médicos  
Oculistas

**Praza Mayor, 18 - OURENSE**

# Dr. MOSTEIRO

Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndese en todolos estabreimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

M. Calviño

OURENSE



A mais económica de Galicia

## Sanatorio Quirúrgico Diretores:

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral  
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todalas condicións precisas. — Practicase toda clase d'operacións. — Dotado de todolos afeitos que pide a actual Cirugía. — Modernas instalacións de RAYOS X para diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fundo, con voltaxe de 200.000 voltios. — Aparello de Diatermia para tratamiento de Auexiles, procesos inflamatorios, reumatismo, eloxera. — Lámpara de carbono para sol d'altitude e ultravioleta para tratamiento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera. — Admitense embarazadas, e cómansi con material esterilizado para forza da cidadade en casos d'urxencia. — Poden colaboraren todolos compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Branco BRILLANTE, LOS GALLEGOS branco e fin  
Macia e Valeiras, Apertado 18 -- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARÍZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1º de Mayo a 31 de Octubre

**NON DEIXE DE MERCAR**  
**COVADAS**  
**POIZ**  
**CASGUEIXO**

**2.º volume da Biblioteca  
do Seminario de estudos  
Galegos**

**EDICION LAR**

**PREZO catro PSETAS**

**F. ROMÁN E SACO  
DROGUERÍA**

**E FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE